



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Setembro 2018

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Setembro 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe en Galicia un 3,4% en setembro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, máis que no conxunto de España (-3,1%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra unha diminución das vendas do 2,2% e o Resto de produtos do 4,8%.
- En todas as comunidades autónomas diminúen as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 0,4% no mes de setembro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 0,3 puntos máis que no conxunto de España (-0,1%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,8% en Galicia e o 1,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en dezaseis comunidades autónomas.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe en Galicia no mes de setembro un 3,4%, 0,3 puntos máis que a nivel nacional (-3,1%).

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 3,7% respecto a setembro de 2017.


Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 2,2% e achega -0,9 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación diminúen un 2,4%.
- O Resto de produtos rexistra unha diminución do 4,8% e achega -2,8 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas diminúen o 4,4%.

Nos primeiros nove meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 0,7%, tres décimas máis que en España (0,4%). As vendas en Alimentación aumentan un 0,8% en Galicia e un 0,4% en España; as vendas do Resto de produtos crecen en Galicia un 0,8% e no conxunto do Estado un 0,4%.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúen as vendas en setembro. O maior descenso dáse en Cataluña (-5,1%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Setembro 2018

Taxas de variación en %



No que vai de ano, en todas as comunidades autónomas aumentan as vendas agás Castilla y León (-0,9%), Cataluña (-0,8%), Cantabria (-0,6%) e Comunitat Valenciana (-0,2%). O maior incremento rexístrase en Aragón (2,6%).


3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de setembro de 2018, unha diminución do 0,4% en Galicia, superior á de España (-0,1%).

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 1,6% en Galicia, o mesmo que en España. Desagregando por produtos, a Alimentación diminúe as vendas en Galicia un 0,2%, 0,5 puntos menos que a nivel nacional (-0,7%). O Resto de produtos diminúe un 2,7% en Galicia e un 2,2% no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo. Setembro 2018

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	103,5	-0,4	2,5
Xeral sen estacións de servizo	102,0	-1,6	1,8
Alimentación	100,3	-0,2	2,4
Resto	102,8	-2,7	1,4



Nos primeiros nove meses do ano, o índice xeral crece un 2,5% en Galicia, dúas décimas máis que no conxunto de España (2,3%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,8% no mes de setembro en Galicia, menor que o nacional (1,0%).

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,9% en Galicia e no conxunto do Estado.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en setembro en dezaseis comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (2,6%) e Asturias (2,1%).

A ocupación diminúe en Castilla - La Mancha (-0,1%).

No acumulado do ano, o maior incremento da ocupación rexístrase en Asturias (3,0%). En senso contrario, en dúas comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado: Castilla - La Mancha (-0,4%) e Andalucía (-0,1%).

Índice xeral de ocupación. Setembro 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Setembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	103,5	-0,4	2,5	100,5	-3,4	0,7
Xeral sen estacións de servizo	102,0	-1,6	1,8	99,9	-3,7	0,8
Alimentación	100,3	-0,2	2,4	95,7	-2,2	0,8
Resto	102,8	-2,7	1,4	103,0	-4,8	0,8
España						
Xeral	104,0	-0,1	2,3	101,1	-3,1	0,4
Xeral sen estacións de servizo	102,6	-1,6	1,5	100,7	-3,5	0,4
Alimentación	105,8	-0,7	2,2	101,4	-2,4	0,4
Resto	100,0	-2,2	1,0	100,1	-4,4	0,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Setembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	108,5	2,5	2,4	104,5	-0,4	0,6
Xeral sen estacións de servizo	107,4	1,4	1,8	104,1	-0,6	0,8
Alimentación	104,5	2,6	2,4	99,4	0,3	0,8
Resto	109,0	0,5	1,3	108,4	-0,7	0,7
España						
Xeral	108,3	2,1	2,3	104,6	-0,9	0,5
Xeral sen estacións de servizo	107,2	0,3	1,6	104,3	-1,6	0,5
Alimentación	108,2	0,9	2,2	103,5	0,0	0,6
Resto	106,5	-0,2	1,0	105,4	-2,2	0,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Setembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,0	-0,1	2,3	101,1	-3,1	0,4
Andalucía	104,0	1,3	2,0	101,3	-1,4	0,3
Aragón	105,9	1,8	4,5	103,1	-1,4	2,6
Asturias	100,4	-0,9	2,1	98,1	-3,7	0,5
Balears, Illes	120,7	1,0	2,9	117,8	-1,6	1,1
Canarias	103,7	-1,4	2,3	101,1	-4,3	0,3
Cantabria	101,3	-1,0	1,5	98,1	-4,1	-0,6
Castilla y León	101,9	-0,6	1,1	98,8	-4,0	-0,9
Castilla-La Mancha	105,5	1,7	3,1	102,1	-1,8	1,0
Cataluña	98,8	-2,0	1,4	95,1	-5,1	-0,8
Comunitat Valenciana	105,8	-0,9	1,6	103,7	-3,9	-0,2
Extremadura	97,7	0,0	1,8	95,7	-2,7	0,3
GALICIA	103,5	-0,4	2,5	100,5	-3,4	0,7
Madrid	108,1	1,1	3,3	105,1	-1,9	1,3
Murcia, Región de	104,8	2,4	2,5	102,9	-0,6	0,9
Navarra	104,9	0,1	3,2	102,2	-3,3	1,3
País Vasco	101,1	-1,2	2,7	98,3	-4,0	0,9
Rioja, La	104,4	0,3	3,0	102,2	-2,8	1,2
Ceuta	94,8	-2,1	-0,6	92,5	-4,1	-1,4
Melilla	102,1	0,5	1,3	99,1	-1,9	-0,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Setembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	102,5	0,8	0,9
Xeral sen estacións de servizo	102,1	0,8	0,9
España			
Xeral	104,0	1,0	0,9
Xeral sen estacións de servizo	103,9	0,9	0,9

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Setembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,0	1,0	0,9
Andalucía	101,2	0,5	-0,1
Aragón	102,9	0,6	0,2
Asturias	107,0	2,1	3,0
Balears, Illes	113,7	2,6	2,5
Canarias	107,7	1,5	2,3
Cantabria	102,4	0,4	0,6
Castilla y León	103,2	0,3	0,5
Castilla-La Mancha	101,6	-0,1	-0,4
Cataluña	103,1	0,1	0,3
Comunitat Valenciana	107,4	1,8	2,1
Extremadura	102,7	0,8	0,9
GALICIA	102,5	0,8	0,9
Madrid	104,5	1,8	1,6
Murcia	104,4	1,8	1,5
Navarra	103,1	0,9	0,4
País Vasco	103,0	0,3	0,4
Rioja, La	105,7	1,3	1,5
Ceuta	105,6	1,5	1,4
Melilla	102,3	1,1	1,4

Fonte: INE